

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A
CORUÑA-

ACTA Nº 3-2014
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL

- DIA 27/03/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP) INCORPORASE AS 20:50

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Intervención

Manuela Barcia Vázquez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS Nº 108/2014 (MODIFICACIÓN DELEGACIÓNS NA XGL)

4º.- DACION DE CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 109/2014 E Nº 118/2014 (MODIFICACIÓN CONCELLEIROS DELEGADOS)

5º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 1/2014

6º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA.-

7º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRONICA

8º.- MOCIONS DE URXENCIA.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 3 Sesión ordinaria do día 27/08/2014

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Detéctanse polo PP os seguintes erros de transcripción e que acepta a Secretaria, figurando como enmendas que se van facer nesta acta:

1º.- Na cabeceira hai un erro na hora de saída da sesión dos concelleiros/as do Partido Popular - que resulta claro visto que non pode ser anterior ao comezo da sesión-, de xeito que:

- onde pon:

"Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP) VAISE ÁS 19:35

ELISA BOUZAS VICENTE (PP) VAIASE ÁS 19:35

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP) VAISE ÁS 19:35

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP) VAISE ÁS 19:35"

- debe por:

"Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP) VAISE ÁS 21:35

ELISA BOUZAS VICENTE (PP) VAIASE ÁS 21:35

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP) VAISE ÁS 21:35

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP) VAISE ÁS 21:35"

2º.- Na intervención da voceira do grupo municipal do BNG, Dª. Adelina Ces Quintáns no punto 4.- ADHESIÓN Á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (E ADOPCIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS).-

- onde pon: " Sogama levou a cabo programas formativos cara a efectuar os composts que contribúen a que sexa mais fértil a materia orgánica."
- debe por:"non leva a cabo ciclos formativos polos que cobra se ben o BNG os ten pedidos"

3º.- No comezo da moción 5.4 do BNG sobre a Lei 27/2013, existe outro erro de transcripción:

- onde pon: " ausentase da sesión do pleno Hadriana Ordoñez Otero ás 21:50 minutos"
- debe por: " ausentase da sesión do pleno Hadriana Ordoñez Otero ás 20:50 minutos"

En consecuencia, nesta moción realmente o numero de concelleiros que ratifican a urxencia foi de 14, non de 15 como se recolle no apartado A.

Non habendo mais observacións ao respecto, por unanimidade dos 13 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada coas emendas sinaladas.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/02/2014 ata o 28/02/2014, que comprenden os números 33/2014 ao 73/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 3 da Sesión ordinaria do día 11/02/2014
- Acta Nº 4 da Sesión ordinaria do día 25/02/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS Nº 108/2014 (MODIFICACIÓN DELEGACIÓNS NA XGL)

O Sr. Alcalde da conta da Resolucións da alcaldía

<<Decreto Nº 108/ 2014

Ref. modif.integra atribuc. Xunta Gob.Local

Por Resolución nº 912/2011, do 27 de xuño determinouse a composición e competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local, modificadas pola Resolución nº 1052/2011 do 02 de agosto.

Transcorrido tempo advírtese que non é operativo delegar nese órgano determinadas atribucións ao ser recorrente a inmediatez do acto (como acontece respecto das autorizacións dos pagamentos na modalidade pago a xustificar).

Asemade a aprobación da Lei 09/2013, do emprendemento establece un novo réxime xurídico para o exercizo de actividades e prestación de servizos na Comunidade Autónoma Galega, derogando o Decreto 133/2008, de avaliación ambiental, e alcanzando incluso á materia urbanística ao modificar a Lei 9/2002, de xeito que inclúese a comunicación previa como medio de intervención quedando a licenza unicamente para casos determinados.

Dito isto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar en varios apartados as atribucións delegadas na Xunta de Goberno Local de xeito que queda redactada na súa integridade nos termos que se indican deseguido:

A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENZAS:

A.1.- A resolución sobor da aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

A. 2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias previstas no artigo 194.2 da LEI 9/2002. (non inclúe os expedientes de reposición da legalidade, os sancionadores e caducidade destes).

Asemade darase conta das comunicacións previas verificadas en materia urbanística e das denuncias ou informes de inspección respecto daquelas non comunicadas ou autorizadas, de se-lo caso.

A. 3.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización no solo rústico e outros informes que determine a normativa sectorial a expedir pola corporación e que non están atribuídos expresamente a outro órgano, relativos a temas urbanísticos ou medioambientais.

A.4. A aprobación do proxecto da actividade promovida polo concello cando precise de comunicación previa ou licenza_(artigo 30 da Lei 9/2013)

Tamén darase conta das comunicacións previas e de declaracións responsables verificadas en materia de apertura de establecementos e exercizo de actividades.

A. 5.- A autorización de espectáculos públicos e actividades recreativas, agás no referente a bailes e verbenas populares.

A. 6.- A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias ou autorizacións: vados, entrada en beirarrúas, reserva de vía pública, terrazas, colocación de vallas, e ocupación de vía pública en xeral e incluso de voo público (grúas).

A. 7.- Autorización de instalacións varias en vía ou terreos públicos municipais (como por exemplo: quioscos, circos, ...)

A. 8.- Acordos de execución polo concello de obras menores ou reposición de servizos a instancia de particulares.

A. 9.- A aprobación urbanística de memorias ou proxectos técnicos para a execución das obras municipais (exclúese a aprobación dos plans de seguridade e saúde e programas de traballo, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde e estean previstas no orzamento municipal)

A. 10.- A transmisión da tramitación de licenzas, autorizacións e comunicacións previas que procedan legalmente sempre e cando non se trate dunha simple toma de razón nos expedientes mencionados neste apartado.

B) EN MATERIA CONTRACTUAL:

B. 1.- Nas contratacións que superen o importe do contrato menor e dentro dos límites competencias que ao Alcalde outorga o Disposición Adicional 2ª LCSP: unicamente a incoación e aprobación do expediente previa á apertura do procedemento da licitación.-

C) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCIERA:

B.1.- Os actos de recoñecemento de obrigas derivadas da tramitación de contratos aprobados de forma previa ao inicio da licitación delegados en virtude do disposto na letra B.1.

B.2.- Os actos de autorización, disposición, recoñecemento de obrigas de gasto e ordenación de pagos tramitadas conxuntamente, agás nos seguintes supostos: nóminas de persoal, seguridade social, IRPF e intereses, comisións bancarias e amortización de préstamos, nos que a autorización e disposición dos gastos e o recoñecemento e liquidación das obrigas será competencia da Alcaldía calquera que sexa a súa contía.

B.3.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas. Exceptúanse as axudas de emerxencia social.

B.4.- Aprobación das contas xustificativas presentadas polos pagamentos a xustificar que se concederan.

B.5.- Constitución de anticipos de caixa fixa. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas; aprobación da reposición de fondos ou cancelación do anticipo.

B.6.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

B. 7.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.

B.8.- Aprobación de liquidacións provisionais e definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan o seu orixe en expedientes dos que a competencia corresponda a Xunta de Goberno Local.

B. 9.- Concesión de beneficios fiscais (exencións, bonificacións,...).

B. 10.- Concesións de aprazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias

B. 11.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.

D) EN MATERIA DE BENS:

D. 1.- Adquisición de bens e dereitos así como o alleamento do patrimonio, nos termos e dentro dos límites establecidos na normativa aplicable (disp.adic.9ª Lei 8/2007 e disp.adic.2ª Lei 30/2007 entre outras).

D. 2.-Incoación e resolución dos expedientes relativos ao uso e defensa dos bens municipais: investigación, deslinde, recuperación de oficio.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

E.1.- Acordar o inicio do expediente de selección de persoal laboral temporal coa xustificación da necesidade.

E.2. Aprobación das bases das probas para selección de persoal e a súa convocatoria.

E.3.- Concesión de anticipos ao persoal.

E.4.- Aprobar o recoñecemento do primeiro trienio ao persoal municipal, así como o recoñecemento de servizos previos, no seu caso.

E.5.- Aprobación de gratificacións por traballos realizados fora da xornada laboral do persoal funcionario e horas extraordinarias do persoal laboral, previamente autorizadas polo responsable do servizo co visto bo do

concelleiro da área. Outorgamento de complementos de produtividade previa xustificación polo concelleiro da área

F) NOOUTRAS MATERIAS:

- 1.- Autorización para a sinatura de convenios cando se instrumenten ao seu través subvencións de calquera entidade pública ou privada, na que a competencia non estea atribuída por Lei a outro órgano.
- 2.- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras ou servizos da competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.
- 3.- Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o concello.
- 4.- Dación de conta da recepción das comunicacións de demandas en vía xudicial interpostas contra o Concello e sentenzas ditadas.

Segundo: A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local para os efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

Terceiro: Da presente resolución darase conta ao Pleno na próxima sesión que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Rianxo, 17 de marzo de 2014

O Alcalde

A Secretaria que dou fe,

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo>>

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

4.- DACION DE CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 109/2014 E Nº 118/2014 (MODIFICACIÓN CONCELEIROS DELEGADOS)

O Sr. Alcalde da conta das Resolucións da alcaldía

<<Decreto Nº. 109/ 2014

Ref. Modificación Delegacións concelleiros.

O día 27/06/2011 ditouse a Resolución nº 914/2011 pola que se efectuaban delegacións especiais a varios concelleiros e que se completou coa ditada o 04/08/2011, nº 1056 trala toma de posesión dunha nova concelleira. Destas deuse conta na sesión plenaria do 30/06/2011 e 25/08/2011.

As delegacións especiais existentes son as seguintes:

- D. CONSTANTINO CASTAÑO CALVO: Obras, Servizos, Vías, Parques e Xardíns, Praias.
- D. XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ: Medio ambiente.
- D^a ADELINA CES QUINTÁNS: Servizos sociais.
- D^a. M^a TERESA SOBRADELO IGLESIAS: Turismo
- D. HADRIANA ORDOÑEZ OTERO: Educacion, cultura e normalización linguistica.
- D. JOSE CARLOS GEY HERMO: Urbanismo, Industria, Comercio, Mar e Novas Tecnoloxías.
- D^a. MARIA OLGA GONZALEZ DOURADO: Igualdade.
- D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO: Deportes e Saúde.
- D^a. SONIA CASTAÑO EIRAS: Economía e facenda.
- D^a. ANA MARIA AGRELO REY: Xuventude e emprego.

Pois ben, por cuestións de operatividade co gallo de facer un seguimento mais intenso, a fin de axilizar a área de Tesourería, e a petición da Concelleira que viña dirixindo a área de Economía e Facenda, estímase conveniente que o relativo á Economía e Facenda sexa delegado en favor dun

concelleiro con dedicación exclusiva, como é o 1º Tenente de Alcalde, en tanto á área de Tesourería manteríase nas facultades da devandita concelleira.

Todo ilo sen prexuízo das adecuacións que puidera requirir a entrada en vigor da Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local en canto ás áreas afectadas.

Polo exposto, en exercizo das facultades que me outorga o artigo 23 da Lei 7/1985, nos termos dos artigos 43, 44, 115 e 121 do Rd.2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento das Corporacións Locais, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro: Modificar as DELEGACIÓNS ESPECIAIS conferidas por Resolución nº 914/2011 e 1056/2011 unicamente respecto da área de Economía e Facenda.

- D. CONSTANTINO CASTAÑO CALVO: Obras, Servizos, Vías, Parques e Xardíns, Praias.
- D. XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ: Medio ambiente.
- D^a ADELINA CES QUINTÁNS: Servizos sociais.
- D^a. M^a TERESA SOBRADELO IGLESIAS: Turismo
- D. HADRIANA ORDOÑEZ OTERO: Educación, cultura e normalización linguística.
- D. JOSE CARLOS GEY HERMO: Urbanismo, Industria, Comercio, Mar, Novas Tecnoloxías, Economía e Facenda (agás a área de Tesourería)
- D^a. MARIA OLGA GONZALEZ DOURADO: Igualdade.
- D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO: Deportes e Saúde.
- D^a. SONIA CASTAÑO EIRAS: Tesourería.
- D.^a ANA MARIA AGRELO REY: Xuventude e emprego.

Segundo: As delegacións conferidas abrangueran a dirección interna e xestión dos servizos incluídos, agás a facultade de resolver, e exerceranse garantindo en todo caso, a unidade de goberno na xestión municipal, e axustándose ao disposto no artigo 115 do Rd.2568/1986 antedito.

En ningún caso o concelleiro - delegado poderá delegar a súa vez a delegación outorgada.

A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Terceiro.- Notifíquese, persoalmente aos concelleiros afectados aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano deléxante de que non acepta a delegación.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.

Rianxo, 17 de marzo de 2014

O Alcalde

A Secretaria que dou fe,

Adolfo F. Muñíos Sánchez

Carolina Costoya Pardo>>

<<Decreto Nº. 118/ 2014

Ref. MODIFICACIÓN DELEGACIÓN CONCELLEIROS.

Modificada por Resolución nº 109/2014 as delegacións especiais a varios concelleiros, fórmulase unha nova modificación de xeito que a delegación da área de Economía e Facenda no 1º Tenente de Alcalde abrangue tamén o relativo á Tesourería agás o Servizo de Recadación.

Asemade delegase naquel a facultade de resolver os temas estrictamente económicos (agás os relativos a Recadación) amén de formular as propostas dese tipo.

Polo exposto, en exercizo das facultades que me outorga o artigo 23 da Lei 7/1985, nos termos dos artigos 43, 44, 115 e 121 do Rd.2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento das Corporacións Locais, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro: Modificar as DELEGACIÓNS ESPECIAIS conferidas por Resolución nº 914/2011 e 1056/2011, e modificadas por resolución nº 109/104, unicamente respecto da área de Economía e Facenda, de xeito que:

- D. JOSE CARLOS GEY HERMO: Urbanismo, Industria, Comercio, Mar, Novas Tecnoloxías, Economía e Facenda (agás o servizo de Recadación)
- D^a. SONIA CASTAÑO EIRAS: Recadación

Segundo: A delegación efectuada en favor de Jose Carlos Gey Hermo inclúe a facultade de resolver sobre os asuntos da área de Economía e Facenda agás os relativos a Recadación. Non así a efectuada en favor de Sonia Castaño Eiras.

En ningún caso o concelleiro-delegado poderá delegar a súa vez a delegación outorgada.

A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución ser perxuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Terceiro.- Notifíquese, persoalmente aos concelleiros afectados aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.

Rianxo, 21 de marzo de 2014

O Alcalde

A Secretaria que dou fe,

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo>>

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 1/2014

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Ante a necesidade de facer o recoñecemento de obrigas de exercicios pechados para proceder o seu pago, xa que no seu momento non foron recoñecidas as correspondentes obrigas , por importe de 67.504,72 €.

Incorporado o preceptivo informe de intervención emitido o 18 de marzo de 2.014, que conclúe: “En consecuencia, existe crédito suficiente e adecuado no vixente presuposto en vigor, polo que se fiscaliza de conformidade o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2014 por un importe total de 67.504,72 € euros”

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMERO: Supeditar a eficacia do presente acordo a entrada en vigor do orzamento xeral do Concello de Rianxo para o exercicio 2.014.

SEGUNDO- Aprobar o recoñecemento extraxudicial 1/2014 de crédito, por importe total de 67.504,72 euros, correspondente a gastos realizados en exercicios pechados pero dos que a imputación orzamentaria ó correspondente exercicio non se realizou e procede a realizarse no exercicio 2014, conforme o seguinte detalle:

	Nº Fact.	Nº Reg.	Proveedor y Concepto	Partida	Importe
1	V/7272	1946	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais pintar viais en Campo de Pazos	2014.0.453.3 o.21000	278,53 €
2	V/7274	1948	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais para festival Antrospinos 2013	2014.0.453.3 o.21000	129,24 €
3	V/7269	1951	E.Varela e Hijos, S.L. Vestiaro persoal obras e xardíns	2014.0.453.3 o.22104	58,15 €
4	838	1953	Neumaticos Milocho, S.L. Parche e dunlop streetresponse rodas remolque	2014.0.453.3 o.21400	52,73 €
5	852	1954	Neumaticos Milocho, S.L. Materiais arranxo rodas tractor Ferrari	2014.0.453.3 o.21400	55,20 €
6	996	1956	Neumaticos Milocho, S.L. Parche roda tractor Laamborghini	2014.0.453.3 o.21400	53,24 €
7	975	1957	Neumaticos Milocho, S.L. Parche roda dun vehículo de obras	2014.0.453.3 o.21400	21,78 €
8	N488-13	1958	Jose Ramón Lois Simans Materiais para desbrozadora de tractor	2014.0.453.3 o.21400	397,12 €
9	N500-13	1959	Jose Ramón Lois Simans Materiais arranxos en vehículos de obras	2014.0.453.3 o.21400	89,24 €
10	N508-13	1960	Jose Ramón Lois Simans Materiais para desbrozadora de plato	2014.0.453.3 o.21400	42,35 €
11	2013/028	1961	Ramona Figueiro Carou Materiais arranxos e mantemento vehículos obras	2014.0.453.3 o.21400	579,27 €
12	FV13/0065	2007	Campomarzo, S.A. 13,3 toneladas gravilla 2/6 obras varias	2014.0.453.3 o.21000	140,01 €
13	52004824 94	2008	Al Air Liquide España S.A. Aluguer inmovilizado botellas arcal e osíxeno	2014.0.453.3 o.21000	318,67 €
14	131045	2009	Ferros do Barbanza, S.L. Materiais para facer as duchas en Quenxo	2014.0.453.3 o.21000	159,12 €
15	A 639	2010	Auto Recambios Banbanza, S.L. Materiais para mantemento e arranxo vehículos	2014.0.453.3 o.21400	766,78 €
16	FE-6511	2011	Fárido, S.L. . 9,52 toneladas de aglomerado frío para bacheos	2014.0.453.3 o.21000	610,52 €
17	FE-6510	2012	Fárido, S.L. 14,56 toneladas de area 0/4 mantem. acceso Tanxil	2014.0.453.3 o.21000	110,99 €
18	A2013117 3	2069	Talleres Recretor, S.L. Arranxos no Nissan Patrol C-9634-BL	2014.0.453.3 o.21400	496,78 €
19	FV13/0075	2090	Campomarzo, S.A. Compra 13,08 tone. de gravilla 2/6 obras varias	2014.0.453.3 o.21000	137,70 €
20	V/7592	2217	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais para Festas Guadalupe 2013	2014.0.453.3 o.21000	202,05 €
21	V/7591	2218	E.Varela e Hijos, S.L.	2014.0.453.3	829,00 €

			Materiais para Festas Guadalupe 2013	o.21000	
22	V/7598	2219	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais arranxos en parques infantís	2014.0.453.3 o.21000	58,08 €
23	V/7584	2220	E.Varela e Hijos, S.L. Vestiaro para persoal de obras e xardíns	2014.0.453.3 o.22104	9,50 €
24	V/7583	2221	E.Varela e Hijos, S.L. Vestiaro para persoal de obras e xardíns	2014.0.453.3 o.22104	160,55 €
25	V/7590	2222	E.Varela e Hijos, S.L. Roupa augas cuadrillas de extinción de incendios	2014.0.453.3 o.22104	60,02 €
26	V/7597	2223	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais para arranxos na motobomba	2014.0.453.3 o.21400	33,48 €
27	V/7596	2224	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais arranxos tractor Lamborghini	2014.0.453.3 o.21400	14,82 €
28	V/7600	2225	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais para obras varias: biblioteca, mercado..	2014.0.453.3 0.21000	143,61 €
29	163	2563	Edilene de Oliveira Silva Limpeza do auditorio. Outubro 2013	2014.0.330.3J .22699	914,76 €
30	13/000120 6	2581	Iveco-Pegaso Copeyma Espello para vehículo de obras-xardíns	2014.0.453.0. 21400	31,97 €
31	2013/2891	2652	Sogama Tratamento residuos urbanos. Outubro 2013	2014.0.162.3 o.22795	18.038,2 4 €
32	95104706 8	2654	Kone elevadores, S.A. Mantemento ascensor Museo Mar. Novembro 2013	2014.0.330.3 o.21300	310,76 €
33	803757	2656	ASCENSORES ENOR, S.A Mantemento ascensor auditorio. Novembro 2013	2014.0.330.3 o.21300	329,74 €
34	A/4032	2670	Seigal, S.L. Limpeza unitarias Outeiro, Cruceiro e Cubide.	2014.0.321.3 o.21200	441,65 €
35	V/7726	2683	E.Varela e Hijos, S.L. Guantes caucho para persoal cuadrilla incendios	2014.0.453.3 o.22104	2,50 €
36	13/01416	2705	Felipe Ces, S.L. Materiais para mantemento colexios e unitarias	2014.0.321.3 o.21200	42,20 €
37	13/01673	2706	Felipe Ces, S.L. Materiais colexios e unitarias reposición areeiros	2014.0.321.3 o.21200	287,02 €
38	13321132 142247	2717	Gas Natural Servicios SDG, S.A. Alumeado. Campo Fútbol Vilas. Outubro 2013	2014.0.340.3 o.22100	1.003,99 €
39	13321132 142250	2733	Gas Natural Servicios SDG, S.A. Alumeado escolas. Ana MªDiéguez. Outubro 2013	2014.0.321.3 o.22100	306,35 €
40	13321133 149074	2734	Gas Natural Servicios SDG, S.A. Alumeado escolas. Castela. Outubro 2013	2014.0.321.3 o.22100	999,29 €
41	13321132 365266	2735	Gas Natural Servicios SDG, S.A. Alumeado escolas. Brea Segade. Outubro 2013	2014.0.321.3 o.22100	796,03 €
42	179	2846	Edilene de Oliveira Silva Limpeza auditorio. Novembro 2013	2014.0.330.3 o.22699	914,76 €
43	R130216	2849	Servigal, S.L. Servizo de lacería. Outubro 2013	2014.0.312.3 o.22797	423,50 €

44	13/1970	2850	Bandin Audio Aluguer son, iluminación...rúa e auditorio	2014.0.330.3 o.22699	2.655,04 €
45	V/7729	2855	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais mantemento colexios e unitarias	2014.0.321.3 o.21200	226,94 €
46	13/2120	2862	Bandin Audio Aluguer son, liuminación...eventors na rúa e audit	2014.0.330.3 o.22699	3.300,01 €
47	77	2863	Xoán Antón Castro Barreiro Ruando Rianxo 2013	2014.0.330.3J .22699	1.017,25 €
48	13/2134	2868	Bandin Audio Aluguer son acto da violencia de xénero	2014.0.330.3 o.22699	242,00 €
49	130507	2953	Ferros do Barbanza, S.L. Materiais para o auditorio	2014.0.330.3 o.22699	99,49 €
50	V/6705	2954	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais para o auditorio	2014.0.330.3 o.22699	4,50 €
51	2013/3127	2962	Sogama Tratamento de residuos urbanos. Novembro 2013	2014.0.162.3 o.22795	16.629,2 5 €
52	V/7738	2969	E.Varela e Hijos, S.L. Materiais para obras varias	2014.0.321.3 o.21200	8,30 €
53	13/557	2973	Remuíño Servicios XXI, S.L. Materias limpeza..Auditorio, unitarias, colexios	2014.0.321.3 o.22110	2.085,88 €
54	13/558	2974	Remuíño Servicios XXI, S.L. Materiais limpeza lugares varios	2014.0.321.3 o.22110	692,95 €
55	214-13	3016	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxos averías alumeadado en Isorna, Leiro, Rianxo	2014.165.3o. 21300	2.272,48 €
56	239-13	3017	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo averías alumeadadoIsorna, Leiro, Rianxo.Nov	2014.0.165.3 o.21300	1.962,24 €
57	244-13	3019	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Instala. elec. Festa da Patela 2013	2014.0.165.3 o.21300	1.125,30 €
58	V13/02457 3	3150	La Voz de Galicia 1668 exemplares Festas Guadalupe 2013	2014.0.330.3 o.22699	1.000,76 €
59	13321125 528483	3152	Gas Natural Servicios SDG, S.A. Alumeado Salto do Lobo. Xuño 2013	2014.0.165.3 o.22100	85,72 €
60	13321125 528491	3153	Gas Natural Servicios SDG, S.A. Alumeado. Pazo. Xuño 2013	2014.0.165.3 o.22100	85,96 €
61	078-02- 00335	3169	Radio Popular, S.A. Anuncio Festas Guadalupe2013	2014.0.330.3J .22699	551,76 €
62	41548	3178	Club Deportivo Unión Escola de Fútbol. 4º trimestre 2013	2014.0.341.3 o.22699	1.991,86 €
63	13321131 022627	3240	Manuel Martínez Somoza Gasto luz nave obras. 27-06-13 ó 23-08-13	2014.0.165.3 o.22100	220,28 €
64	A001/13- 19	3260	Fundación Amigos de Galicia Axudas de produtos hixiénicos. Abril 2013	2014.0.231.3 o.22699	395,46 €
				total	67.504,7 2 €

TERCEIRO: Que tal recoñecemento extraxudicial de crédito sexa con cargo á aplicación orzamentaria e polo importe sinalado, por existir crédito retido con esta finalidade.

CUARTO: Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que correspondan, ordenándose ademais o pago destas.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 20/03/2014, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que está de acordo co pago das facturas pero deben de pagarse todas as débedas existentes, a Alcaldía ten dito que o Concello de Rianxo estaba en boa situación económica e polo tanto non entende porque non se pagan.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, engade que hai que pagalas e este é o expediente para pagar os contratos executados e non ocasionar un prexuízo económico ás empresas ou un enriquecemento inxusto da Administración.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que este é o procedemento que se aplica con respecto as facturas do ano anterior, son servizos que se prestaron ao concello e débense aprobar porque de non ser así sería un enriquecemento inxusto.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), 3 abstencións (dos 3 membros do PP), con cero votos en contra, dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

6.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<No BOP do 13/06/2013 publicouse o acordo de aprobación definitiva e texto integro da Ordenanza Municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria.

A instancias da Asociación Galega de ambulantes autónomos estimase conveniente efectuar modificación do texto de tres artigos, concretamente esta sería:

- nova redacción do artigo 6.1.:

<<**Artigo 6.º.-Competencias municipais.**

6.1. Correspóndelle ó Concello de Rianxo, dentro do seu termo municipal, concede-la autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria. Asemade, corresponderalle a fixación das taxas que se teñan que aboar polo exercicio da actividades en dominio publico.

Considéranse circunstancias preferentes para a obtención da autorización de venda:

- A situación económica do solicitante e da unidade familiar da que, no seu caso, forme parte.
- A residencia no termo municipal de Rianxo, para o caso unicamente do réxime do campesinado.
- Favorecer a integración laboral.
- O orde nas listaxes de espera.
- Estar en posesión da tarxeta acreditativa de estar inscrito na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio.>>

- nova redacción do artigo 10.2 e 10:3:

<<10.2 A autorización é transferible a outras persoas físicas e xurídicas que cumbran os requisitos esixidos para a concesión polo tempo que reste ata a finalización do período de duración e logo de comunicación ao concello acreditando ditos requisitos.

10.3. A Administración municipal estimará a conveniencia de outorgar, en determinados supostos debidamente comprobados, unha autorización provisional para o exercicio da venda ambulante por un tempo non superior a tres meses, prorrogables cando concorran circunstancias económicas e cargas familiares especialmente gravosas nos solicitantes así como no caso de enfermidade do titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio da actividade poderá autoriza-lo exercicio da venda ó cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos ata o segundo grao de consanguinidade >>

- nova redacción do artigo 17.1:

<<Artigo 17.º.–Da autorización e circunstancias preferentes para a súa obtención.

17.1 Para poder exercer este tipo de venda é necesaria estar en posesión da autorización municipal especial correspondente, que ha de estar sempre visible para a comprobación policial.

Esta autorización será persoal e transferible a outras persoas físicas que cumpran os requisitos esixidos para a concesión polo tempo que reste ata a finalización do período de duración e logo de comunicación ao concello acreditando ditos requisitos.>>

- engadido ao artigo 21, de xeito que se recolle a excepción para vehículos tenda.

Sometido o texto á Mesa Local de comercio o día 05/03/2014.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA Ordenanza municipal reguladora de venda ambulante ou non sedentaria, cuxo texto se achega con esta proposta (na súa versión integra xa refundida)

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións, resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA

Artigo 1.º.–Obxecto da norma.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da venda ambulante ou non sedentaria, que se desenvolve e caracteriza por levarse a cabo fóra dun establecemento comercial, permanente de forma habitual no termo municipal de Rianxo e ó réxime sancionador aplicable a ela, de acordo cos requisitos, condicións e límites previstos na Lei orgánica 2/1996, de 15 de xaneiro, complementaria da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro de Ordenación do Comercio Minorista, e da Lei 13/2010, de 17 de decembro, reguladora do Comercio Interior de Galicia.

Artigo 2.º.–Concepto.

2.1 Considérase venda ambulante ou non sedentaria aquela realizada por persoas comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

2.2 As vendas feitas dentro dos locais ou dos recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de ambulantes.

2.3 A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

Artigo 3.º.–Modalidades de venda ambulante ou non sedentaria.

3.1 As modalidades de venda ambulante ou non sedentaria permitidas no Concello de Rianxo serán as seguintes:

- a) A venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, mercadillos e rastros.
- b) A venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados e que será autorizada con carácter excepcional.
- c) A venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.
- d) A venda ambulante en camión ou vehículo-tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados
- e) A venda de excedentes de produtos agrícolas de tempada polos propios produtores que se axusta ó réxime especial coñecido por "réxime do campesiñado".

3.2 Quedan excluídos da presente regulación os postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente mediante a oportuna concesión administrativa, que se rexerán polas súas normativas específicas, tales como quioscos ou similares.

Artigo 4.º.–Suxeitos da venda.

4.1 A venda ambulante ou non sedentaria a poderá exercer toda persoa física ou xurídica que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que fose de aplicación.

4.2 A venda de produtos agrícolas de temporada a poderán levar a cabo as persoas físicas aínda no caso de que non se dediquen profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo, sempre que sexan eles os produtores e reúnan os demais requisitos que para este tipo de venda establece esta ordenanza.

Artigo 5.º.–Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante ou non sedentaria.

5.1 Para o exercicio de venda ambulante as persoas deberán cumpri-los seguintes requisitos:

1.º.–Ser persoa física ou xurídica.

2.º.–Estar dadas de alta no corresponde epígrafe fiscal do IAE, na modalidade de venda ambulante, en calquera das cotas contidas nas tarifas deste imposto e xustificación de estar ó día no seu pagamento ou, de estar exentos, debe estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

Este requisito se refire a calquera das modalidades do IAE, local, provincial, autonómica ou estatal e non supón a obriga de facelo en todos e cada un dos municipios se se satisface unha cota de superior ámbito que xa a comprenda.

3.º.–Estar ó corrente do pagamento das súas obrigas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social.

4.º.– Exercer por si a actividade de venda ambulante. Non obstante, permitirase que a persoa física titular da autorización estea asociada en réxime de cooperativa para os efectos de da-la alta na Seguridade Social e a substitución do autorizado nos supostos previstos nesta ordenanza.

5.º.–Dispoñer de póliza contratada sobre seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.

6.º.–As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos, e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

7.º.–Estar en posesión da autorización municipal correspondente para este tipo de venda. Esta autorización sinalará o obxecto da venda, enderezo do titular e deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente.

8.º.- A autorización á que se fai mención no apartado anterior, será persoal, podendo actuar no seu nome o cónxuxe, fillos, así como os empregados que consten na Seguridade Social por conta do titular comerciante.

Esta autorización terá un período de vixencia de cinco anos, renovable automaticamente pero podendo ser revocada por incumprimento do presente regulamento ou das ordenanzas municipais.

9º.- Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que, en cada caso, sexan esixibles, de ser tratar de persoas estranxeiras.

10º.-Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.

11º.-Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, de que os produtos obxecto da venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas, así como de responder dos produtos que venda, de acordo todo elo co establecido pola lei e demais disposicións vixentes.

12º.- Ter aboadas as taxas ou tributos municipais fixados ao respecto.

5.2. – En canto aos vendedores de produtos agrícolas excedentes dada a condición especial deste tipo de venda, non se considerará actividade comercial, polo que estarán exentos dos requisitos numerados nos puntos 2,3, 5 e 7 do presente artigo.

CAPÍTULO II.–REXIMEN XERAL DA AUTORIZACIÓN

Artigo 6º.–Competencias municipais.

6.1. Correspóndelle ó Concello de Rianxo, dentro do seu termo municipal, concede-la autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria. Asemade, corresponderalle a fixación das taxas que se teñan que aboar polo exercicio da actividades en dominio publico.

Considéranse circunstancias preferentes para a obtención da autorización de venda:

- A situación económica do solicitante e da unidade familiar da que, no seu caso, forme parte.
- A residencia no termo municipal de Rianxo, para o caso unicamente do réxime do campesinado.
- Favorecer a integración laboral.
- O orde nas listaxes de espera.
- Estar en posesión da tarxeta acreditativa de estar inscrito na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio.

6.2. O vendedor ambulante non adquirirá de ningún xeito dereito sobre o posto que se lle asigne, xa que este non terá carácter permanente. As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario, e poderán ser revogadas polo Concello de Rianxo cando o considere oportuno e en atención á desaparición das circunstancias que motivaron a súa concesión, ou se acredite o incumprimento de calquera das condicións da autorización, sen que iso dea orixe a indemnización ou compensación ningunha.

Do mesmo xeito, o Concello de Rianxo poderá dispor dos terreos ocupados polos postos de venda ambulante para realizar algún evento especial, sen que isto dea dereito a ningunha indemnización.

6.3. Compételle ó Concello de Rianxo a determinación dos artigos dos que se autoriza a venda nos “mercadillos” que se celebren no termo municipal de Rianxo, de conformidade coa normativa específica que regule a comercialización de cada grupo de produtos e as prohibicións específicas contidas na Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia.

Concretamente autorízase a venda de xamóns e demais embutidos curados sempre que estean provistos da correspondente guía sanitaria.

6.4. Queda prohibida en todo caso a venda ambulante dos seguintes produtos:

- a) Animais vivos, carnes, aves e caza fresca, refrixerada ou conxelada.
- b) Peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, excepto en zonas desabastecidas, fora do centro urbano de Rianxo e previos os trámites e autorizacións necesarios.
- c) Leite fresco, certificado ou pasteurizado.
- d) Queixos frescos, requeixo, tona, manteiga, iogur e outros produtos lácteos frescos.

- e) Produtos de pastelería ou panadería que leven tona ou crema na súa composición por consideralo deterioro destes compoñentes altamente prexudicial para a saúde.
- f) Peixes afumados e outras semiconservas.
- g) Produtos elaborados con maionesas e venda a granel de produtos enlatados, tales coma conservas de peixe, cogombrifios, etc.
- h) Venda a granel de azucres, aceites, arroz e calquera produto non debidamente envasado e etiquetado.
- i) Prohíbese a venda ambulante de ovos e produtos derivados.

Artigo 7.º.–Réxime de solicitude de autorización de venda ambulante ordinaria.

7.1. A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en formulario normalizado que se entregará no rexistro municipal.

7.2. De recibir a comunicación favorable á solicitude de autorización, o solicitante deberá presentar no prazo de 10 días hábiles desde o seguinte á súa recepción a documentación que se indica para obter a autorización:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade e da tarxeta do número de identificación fiscal. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.
- b) Certificación de Alta no epígrafe correspondente do IAE.
- c) Certificación de Alta do solicitante no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d) Declaración de quen vai ser a persoa que vai exercer directamente a venda ambulante no posto. De ser un traballador dependente do solicitante, deberá presentar a alta deste na Seguridade Social.
- e) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- f) Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretende utilizar, se fora o caso.
- g) Fotocopia do seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco que a actividade poida orixinar.
- h) Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.
- i) No caso que se alegaran as circunstancias preferentes para a obtención de autorización previstas no parágrafo 1 deste artigo, presentaranse os documentos orixinais acreditativos para a súa comprobación.

De aportar copia cotexada da tarxeta acreditativa de estar inscrito na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio non precisará cumprimentar o esixido nos apartados a), b) e c) deste artigo.

De non se presentar toda a documentación citada no prazo concedido trala comunicación favorable o solicitante disporá de 10 días hábiles para emenda-lo defecto, debendo presentar toda a documentación necesaria para completa-la solicitude; no caso de non presenta-la citada documentación, considerarase que desiste da súa petición arquivándose sen máis trámite.

Artigo 8.º.–Contido da autorización.

8.1. O Concello de Rianxo expedirá as autorizacións en documento normalizado, no que se fará constar:

- Identificación do titular ou da persoa autorizada que vaia desenvolver-la actividade en substitución do titular, xunto co seu enderezo.
- Modalidade de comercio ambulante para a que se habilita a autorización.
- Identificación numérica do posto, así como especificación de superficie lineal ocupada.

- Produtos autorizados para a venda.

8.2 Esta autorización, orixinal ou copia cotexada, deberá ser exhibida polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada no posto en lugar perfectamente visible.

CAPÍTULO III.–CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DE CADA MODALIDADE DE VENDA AMBULANTE

SUBCAPÍTULO 1.–VENDA DE “MERCADILLOS”

Artigo 9.º.–Réxime de funcionamento.

9.1 Teñen a consideración de mercadillos fixos os que se celebran de forma periódica ó longo de todo o ano, na localización, días e lugares prefixados polo Concello.

a) Os mercados ambulantes na parroquia de Rianxo celébranse os mércores e os domingos de cada semana, ocupando a Praza Castelao, Alameda e Praza Virxe de Guadalupe, e na parroquia de Taragoña os venres 1º e 3º de cada mes, na Praza de Campo de Pazos.

b) O Concello resérvase a facultade de modifica-lo emprazamento, así como o día e hora de celebración, se xurdisen necesidades xerais debidamente xustificadas.

Do mesmo xeito, poderá acordar, se xurdiren circunstancias de orde pública ou de interese xeral que así o aconsellen, a suspensión da celebración destes “mercadillos” polo tempo que resulte necesario, sen dereito a indemnización ningunha.

c) En ningún caso poderán establecerse novos “mercadillos” sen a autorización previa do Concello.

d) Os “mercadillos” terán un horario de funcionamento de 8.00 a 15.00 horas.

e) Queda expresamente prohibido:

- .- Instalar ou monta-los postos antes das 8.00 horas.
- .- Permanecer no posto despois das 15.00 horas.
- .- Pernoctar nos respectivos vehículos dentro do recinto de venda.

9.2 A instalación dos postos atenderá as seguintes instrucións:

a) A venda autorizarase en postos ou instalacións desmontables que terán unha dimensións axeitadas á superficie autorizada.

b) A non instalación de posto correspondente durante un mes sen causa xustificada, dará lugar á retirada automática da autorización.

c) Os vendedores de artigos de alimentación estarán obrigados a dispoñer de instalación de exposición, venda e almacenamento situadas a unha distancia do chan no inferior a 60 centímetros e, ademais, estarán dotadas de parasoles e protectores que evitan o deterioro ambiental e o contacto directo das mercadorías co público.

d) Non se permite que os vendedores aparquen os seus vehículos dentro do recinto de venda, salvo que se trate de vehículos-tenda. Non obstante poderán aparcar tódolos vehículos polo tempo imprescindible para a instalación e desmontaxe dos postos.

9.3 Os vendedores ao final de cada xornada comercial, deberán deixar limpos os respectivos espazos. Para estes fins deberán deposita-lo lixo nos depósitos colocados para tal efecto, desfacendo as caixas grandes para aproveitar axeitadamente a capacidade dos depósitos. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación de autorización.

Artigo 10.º.–Validez e contido da autorización.

10.1 As autorizacións terán unha duración de cinco anos prorrogables, salvo renuncia expresa do titular, retirada municipal da autorización ou aparición de circunstancias que modifiquen as que motivaron o seu outorgamento.

A renovación da autorización producirase de forma expresa e por idénticos períodos sempre que se presenten a acreditación de estar de alta na Seguridade Social, de estar ó día no pagamento do IAE e o seguro de responsabilidade civil en vigor.

O prazo para a presentación da documentación da renovación será dende o 1 ata o 15 de xaneiro de cada ano.

10.2 A autorización é transferible a outras persoas físicas e xurídicas que cumpran os requisitos esixidos para a concesión polo tempo que reste ata a finalización do período de duración e logo de comunicación ao concello acreditando ditos requisitos.

10.3. A Administración municipal estimará a conveniencia de outorgar, en determinados supostos debidamente comprobados, unha autorización provisional para o exercicio da venda ambulante por un tempo non superior a tres meses, prorrogables cando concorran circunstancias económicas e cargas familiares especialmente gravosas nos solicitantes así como no caso de enfermidade do titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio da actividade poderá autoriza-lo exercicio da venda ó cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos ata o segundo grao de consanguinidade

Artigo 11.º.–Réxime de pagamento da taxa municipal por ocupación de dominio público.

11.1 A correspondente taxa por ocupación do dominio público rexeráse polo establecido na Ordenanza fiscal reguladora, e liquidarase mensualmente, por adiantado, e dentro dos primeiros quince días naturais, permitíndose os pagos trimestrais e semestrais voluntariamente.

11.2 O non pagamento da taxa, total ou parcial dalgún dos períodos, dará lugar á revogación automática da autorización previo aviso ó interesado.

SUBCAPÍTULO 2.–VENDA EN FESTAS POPULARES E OUTROS “MERCADILLOS” OCASIONAIS

Artigo 12.º.–Réxime de funcionamento.

12.1 O Concello poderá acorda-la instalación de “mercadillos” sectoriais para logra-la revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca e de mercados ambulantes nas festas populares. No devandito acordo fixaranse:

a) A situación dos devanditos “mercadillos”.

b) As posibles especialidades respecto do réxime xeral de outorgamento de autorizacións e funcionamento dos “mercadillos” que establece esta ordenanza.

12.2 Se o acordo de instalación de mercados ambulantes sectoriais e festas populares no dispón cousa diferente, o réxime de outorgamento de autorizacións e de funcionamento será o establecido neste ordenanza con carácter xeral.

12.3 O permiso de venda especificará a duración do mesmo e o xeito de pagamento da taxa correspondente.

SUBCAPÍTULO 3.–VENDA EN POSTOS NA VÍA PÚBLICA CON POSTO DESMONTABLE E VIAS PÚBLICAS AUTORIZADAS

Artigo 13.º.–Réxime de funcionamento.

13.1 O Concello poderá autoriza-la venda en postos desmontables de enclave fixo, situados na vía pública, nalgunha das dúas modalidades seguintes:

a) Postos nos que o a súa instalación poida permanecer fixa durante todo o período de autorización.

b) Postos que deban retirarse a diario.

13.2 A modalidade mencionada no parágrafo a), será admisible para postos de xeados, carpas e vendas en períodos estacionais.

13.3 A modalidade de venda establecida no parágrafo b) poderá utilizarse para:

a) Venda de caramelos, churros e produtos secos.

b) Postos destinados á venda de publicacións de carácter político, económico ou social.

c) Venda de produtos artesanais ou bixutería de escasa contía económica.

13.4 As condicións particulares de funcionamento, duración do permiso e réxime de pagamento da taxa serán sinalados no acordo que conceda a autorización, e, para o non previsto, serán de aplicación as normas xerais establecidas nesta ordenanza para o exercicio da venda ambulante e as propias do bo desenvolvemento da práctica comercial.

Artigo 14.º.–Venda ambulante na vía pública sen posto.

Queda prohibida a venda ambulante na vía pública sen posto fixo, de mercadorías de calquera tipo, salvo que o Concello expresamente o autorice.

SUBCAPÍTULO 4.–VENDA EN VEHÍCULOS CON CARÁCTER ITINERANTE

Artigo 15.º.–Réxime de funcionamento.

Esta modalidade de venda só se poderá exercer dende vehículo-tenda e sen posto fixo, axustándose ás seguintes características e nos supostos contemplados no artigo 3-d.

1.º.–Os vehículos deberán dispor de cámara frigorífica ou isoterma, en debidas condicións, cando os artigos obxecto de venda autorizados requiran determinadas condicións de frío, refrixeración e conservación.

2.º.–A venda limitarase ó ámbito xeográfico ou perímetro do termino municipal que se sinale no respectivo permiso. O seu incumprimento motivará a retirada do permiso con prohibición de exercer-la venda durante o tempo que se sinale, sen prexuízo doutra sanción que se determine.

3.º.–A autorización municipal de venda, a súa renovación e o pagamento das taxas fixarase no permiso, rexendo no non disposto as condicións xerais da presente ordenanza e da ordenanza fiscal que sexa de aplicación.

SUBCAPÍTULO 5.–A VENDA DE PRODUCTOS HORTO-FRUCTICOLAS DE TEMPADA POLOS PROPIOS PRODUTORES, COÑECIDO COMO “RÉXIME DAS CAMPESIÑAS”

Artigo 16.º.–Actividades permitidas.

16.1 Permíteselle a venda de produtos agrícolas excedentes de tempada que proveñan exclusivamente da súa horta, tales como froitas, verduras, hortalizas ou flores.

16.2 Queda prohibida, en consecuencia, a revenda de todos aqueles produtos previamente adquiridos en almacéns de distribución, lonxas ou a outras persoas e, en xeral, de todos aqueles que teñan unha orixe diferente da horta propia.

Artigo 17.º.–Da autorización e circunstancias preferentes para a súa obtención.

17.1 Para poder exercer este tipo de venda é necesaria estar en posesión da autorización municipal especial correspondente, que ha de estar sempre visible para a comprobación policial.

Esta autorización será persoal e transferible a outras persoas físicas que cumpran os requisitos esixidos para a concesión polo tempo que reste ata a finalización do período de duración e logo de comunicación ao concello acreditando ditos requisitos.

17.2 Poderán solicitar esta autorización unicamente as persoas físicas que sexan propietarias ou teñan dereito de aproveitamento dalgún tipo de terra de labor na que produza as especies que se pretende vender.

17.3 Non poderá acadar este tipo de autorización ningún profesional da venda nin ningunha persoa que no produza por si as mercadorías que vai vender.

Artigo 18.º.–Documentación que se debe presentar coa solicitude de autorización.

18.1 Cando se solicite a autorización a persoa interesada deberá presenta-la seguinte documentación:

a) Declaración responsable de que os produtos proveñen da colleita propia na que tamén se indicarán os produtos que se pretenden vender e épocas do ano aproximadas nas que se producen.

b) No caso de que se pretenda acreditar a situación económica da unidade familiar farase por medio de copia de última declaración de renda, certificado do Inem, o calquera outro documento que os órganos competentes do Concello consideren oportuno para tal fin.

c) Certificación de estar de Alta no Réxime especial agrario da Seguridade Social.

18.2 Tódolos datos alegados polos interesados poderán ser comprobados polos servizos competentes do Concello de Rianxo

Artigo 19.– Características dos postos.

Este tipo de venda realízase nas bancadas destinadas a tal fin dentro da Praza de Abastos, quedando prohibida a venda destes produtos fora da mesma.

O Concello, por motivos de interese público, poderá suprimi-los espazos habituais, modifica-las súas características ou habilitar outros diferentes.

Artigo 20.– Horario especial.

Estes postos venderán no horario de apertura da Praza de Abastos Municipal.

Artigo 21.º. Estacionamento

Non poderán estacionar na zona de venda, vehículos, remolques, carros, etc., salvo para instalación do posto, carga e descarga e vehículos tenda.

CAPÍTULO IV.–RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 22.º.–Infraccións

Constitúen infraccións unicamente as condutas tipificadas como tales neste artigo:

22.1 O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

22.2 Serán faltas leves:

- a) Producir ruídos, berros ou música que incumpran a ordenanza de ruídos e vibracións.
- b) A falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circundante.
- c) O incumprimento dos horarios en comezo e finalización da actividade.

22.3 Serán faltas graves:

- a) A comisión de dúas faltas leves no prazo dun ano
- b) Non cumprí-las normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- c) A venda de produtos distintos dos autorizados.
- d) A instalación de posto en lugar distinto do autorizado.
- e) Non recoller o lixo xenerado pola súa actividade.
- f) Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadoría.

22.4 Serán faltas moi graves:

- a) A comisión de dúas faltas graves no prazo dun ano
- b) Non estar inscrito no imposto de actividades económicas ou non estar ó día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.
- c) Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d) A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- e) A venda de produtos prohibidos.
- f) O incumprimento de cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- g) Incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.

- h) O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- i) A instalación dos postos sen autorización.
- j) A falta de respecto e desacato ós axentes encargados do control e vixilancia do mercadillo.

22.5 A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984 do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seranlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

Artigo 23.º

23.1 As sancións que se aplicarán serán, sen prexuízo do disposto no apartado 5.º do artigo 24, as que seguen:

- a) Por faltas leves, multas de 100 ata 750 €.
- b) Por faltas graves, multas de 750,01 ata 1500 € e suspensión e/ou revogación da autorización.
- c) Por faltas moi graves:
- d) Multas de 1.500,01 ata 3000 €.
- e) Revogación da autorización, mesmo coa posibilidade de chegar a comisa-la mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

23.2 Correspóndelle ó Sr. Alcalde, ou cargo no que delegue, a imposición de multas e demais sancións.

23.3 Para a gradación das sancións valoraranse as circunstancias seguintes:

- a) O grao de voluntariedade ou a intencionalidade da persoa infractora.
- b) A natureza dos prexuízos causados.
- c) A contía do beneficio obtido
- d) O volume da facturación a que afecte.
- e) A capacidade ou solvencia económica
- f) A desobediencia ós requirimentos da administración.
- g) A reincidencia

Artigo 24.º.–Medidas cautelares.

En tódolos casos de suposta infracción establecido nos artigos anteriores poderase, ó tempo de apreciarse a súa comisión, reter cautelarmente a autorización de venda, en tanto se tramite o expediente correspondente e se resolva definitivamente a sanción a aplicar. O tempo de duración da retención cautelar será deducido do que, se é o caso, se fixe na sanción e durante a súa vixencia suporá a prohibición de exercer-la actividade comercial.

Artigo 25.º.–Reincidencia.

25.1. Apreciarase a existencia de reincidencia cando no termino dun ano se cometa por un mesmo infractor, máis dunha infracción leve de idéntica natureza e feitos. Para as infraccións graves ou moi graves, considerarase reincidencia cando se cometan no prazo de ata tres anos.

25.2. A reincidencia así apreciada poderá dar lugar, ademais da sanción económica, á retirada definitiva da autorización de venda ambulante.

Artigo 26.º.–Procedemento.

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo real Decreto 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade

sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas de procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 20/03/2014, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que votaran a favor.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que a instancia da asociación de comerciantes ambulantes e tralo asesoramento xurídico do departamento de Secretaria, vaise a aprobar, pois se ben inicialmente a intención era boa dando prioridade aos campesiños da zona, isto contraría a libre prestación dos servizos, motivo que non cabe outra que acatalo.

O voceiro continúa comentando as modificacións efectuadas tamén ao abeiro da lei como acontece respecto da transferencia da autorización, o engadido da posibilidade de estacionamento dos vehículos tenda.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade cos votos a favor do total dos 13 membros presentes (6 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 3 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

7.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRONICA

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Sendo preciso contar cunha Ordenanza municipal reguladora da Administración electrónica para dar cumprimento ás obrigas que varias directivas europeas teñen establecido, así como normativa de transposición, entre outras: a Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, a lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e a normativa estatal e autonómica derivada da Directiva 2006/123/CE relativa aos servizos no mercado interior.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da Administración electrónica do Concello de Rianxo, cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza

sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicárase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A REGULACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comunicación da Comisión Europea i2010: Unha Sociedade da Información Europea para o crecemento e o emprego, a Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, e outras medidas de impulso comunitario á iniciativa e-Europa, revélanos a importancia que o desenvolvemento da Administración electrónica ten para o futuro económico de Europa. Neste contexto e no marco do disposto no artigo 103 da Constitución, a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, constitúe un compromiso de todas as administracións para facer realidade a sociedade da información.

A Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP-PAC), na súa primeira versión, recolleu xa no seu artigo 45 o impulso ao emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos por parte da Administración, ao obxecto de desenvolver a súa actividade e o exercicio das súas competencias e de permitir aos cidadáns relacionarse coas administracións cando fose compatible cos medios técnicos de que dispoñan. Esa previsión, xunto coa da informatización de rexistros e arquivos do artigo 38 da mesma Lei na súa versión orixinaria e, especialmente, na redacción que lle deu a Lei 24/2001 de 27 de decembro, ao permitir o establecemento de rexistros telemáticos para a recepción ou saída de solicitudes, escritos e comunicacións por medios telemáticos, abría o paso á utilización de tales medios para relacionarse coa Administración.

A Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, agora á luz da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, vai máis aló e comporta maiores compromisos e obrigacións do noso sector público para asegurar aos cidadáns, en termos de igualdade, o dereito a comunicarse coas administracións por medios electrónicos. A contrapartida dese dereito é a obrigación destas de dotarse dos medios e sistemas electrónicos para que ese dereito poida exercerse.

A presente Ordenanza constitúe o marco a través do cal a Administración municipal concreta, no seu ámbito organizativo e de acordo coas súas competencias, o compromiso para desenvolver a implantación da Administración electrónica.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. De acordo co artigo 103 e concordantes da Constitución, a Lei 11/2007 de 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (LAE) e a vixente lexislación xeral administrativa, a presente Ordenanza regula o uso dos medios electrónicos no ámbito da Administración do Concello de Rianxo.

2. Para ese efecto, esta Ordenanza ten por obxecto:

- a) Establecer os dereitos e deberes que rexen as relacións por medios electrónicos dos cidadáns con esta Administración municipal.

b)Fixar o marco xeral de actuación para a implantación, impulso e desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito municipal.

c)Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos nos procedementos administrativos, de acordo coas vixentes normas reguladoras do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2. Ámbito subxectivo

1. A presente Ordenanza será de aplicación ás seguintes entidades que integran a Administración municipal:

a)Os órganos administrativos integrantes do Concello.

b)Os organismos autónomos e entidades públicas empresariais constituídas polo Concello.

c)As sociedades e as entidades concesionarias de servizos públicos municipais cando así o determine o título de concesión, ou así o aproben os seus órganos de goberno, no marco da prestación de servizos públicos municipais.

2. Esta Ordenanza será aplicable aos cidadáns, entendendo como tales ás persoas físicas e xurídicas e ás entidades sen personalidade xurídica ás que a lei confire tal condición aos efectos previstos nesta Ordenanza.

Artigo 3. Ámbito obxectivo

Esta Ordenanza será de aplicación ás actuacións realizadas pola Administración municipal que se refiran ou afecten a:

1.As súas relacións coa cidadanía que teñan carácter xurídico-administrativo.

2.As súas relacións con outras administracións públicas, sempre que non se desenvolvan en réxime de Dereito privado.

3.A consulta por parte da cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que obren en poder da Administración municipal.

4.A realización dos trámites e procedementos administrativos accesibles por vía electrónica.

O tratamento da información obtida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades.

5.A xestión da documentación e información obtida e producida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades, así como a súa preservación e acceso.

Artigo 4. Sede electrónica

1.- A sede electrónica municipal é a dirección electrónica dispoñible para os cidadáns, correspondente á dirección de referencia <https://sede.concelloderianxo.es/> . Esta é accesible directamente, a través do web do Concello <http://www.concelloderianxo.es/>, así como a través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña <https://sede.dicoruna.es/>, que se atopa no portal da Deputación Provincial <http://www.dicoruna.es/> .

2.- A sede electrónica estará dispoñible para todos os cidadáns de forma gratuíta e permanente. En particular, tamén será accesible a través do punto de acceso xeral da Administración Xeral do Estado previsto no artigo 8.2.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño.

3.A data e hora oficial da sede electrónica corresponde á da España peninsular conforme ao que establece o Esquema Nacional de Inter-operatividade (art. 15 do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Inter-operatividade no ámbito da Administración Electrónica).

4.- A sede electrónica municipal disporá do seguinte contido mínimo:

- a) Identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e responsables da xestión e dos servizos postos a disposición na mesma.
- b) Información necesaria para a correcta utilización da sede.
- c) Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.
- d) Relación de sistemas de sinatura electrónica que, conforme ao previsto nesta ordenanza, sexan admitidos ou utilizados na sede.
- e) Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal..

5.- A sede electrónica municipal disporá dos seguintes servizos a disposición dos cidadáns:

- a) Presentación telemática de solicitudes.
- b) Ligazón para a formulación de suxestións e queixas ante o órgano competente.
- c) Acceso, no seu caso, á relación de expedientes do cidadán e aos trámites que se iniciaron de forma telemática.
- d) No seu caso, publicación electrónica de actos e comunicacións no taboleiro de anuncios ou editos, indicando o carácter substitutivo ou complementario da publicación electrónica.
- e) Verificación dos selos electrónicos que se utilicen na sede.
- f) Comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos e que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.

CAPÍTULO II. DEREITOS E DEBERES

Artigo 5. Dereitos dos cidadáns

1.- A cidadanía ten os dereitos recoñecidos pola lexislación aplicable na materia, así como pola presente Ordenanza, e, en especial, os seguintes:

- a) Dereito a relacionarse coa Administración municipal a través de medios electrónicos, presentar documentos, facer trámites e procedementos e, en xeral, exercer os dereitos e facultades que lles recoñece o ordenamento xurídico administrativo, con total validez e seguridade, salvo nos casos en que unha lei estableza a utilización dun medio non electrónico.

- b) Dereito a esixir da Administración municipal que se lles dirixa a través destes medios, e a obter documentos a través de formatos electrónicos.
- c) Dereito a non presentar documentos que se atopen en poder da Administración municipal, ou doutras administracións públicas coas cales o Concello teña un convenio de intercambio de información, aos efectos previstos na normativa básica estatal nesta materia.
- d) Dereito de acceso á documentación e información administrativa, rexistros e arquivos, a través de medios electrónicos, e a dispor de contidos electrónicos de calidade, accesibles, transparentes e comprensibles.
- e) Dereito a acceder e utilizar a Administración electrónica con independencia dos condicionantes de discapacidade.
- f) Dereito a acceder e utilizar a Administración electrónica con independencia dos medios tecnolóxicos utilizados.
- g) Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais, e ao resto dos dereitos protexidos pola normativa de protección de datos.
- h) Dereito á privacidade e seguridade das súas comunicacións coa Administración municipal, e das comunicacións que poida efectuar o Concello en que consten os datos do interesado, de acordo coa Lei.
- i) Dereito á conservación en formato electrónico, por parte da Administración municipal, dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente, e garantir o seu acceso.

2.- O exercicio efectivo, a aplicación e a interpretación sobre o contido destes dereitos realizarase nos termos previstos na normativa aplicable, e de acordo coas previsións da presente Ordenanza.

Artigo 6. Deberes dos cidadáns

1.- Xunto aos dereitos que a presente Ordenanza recoñece e protexe no marco da utilización dos medios electrónicos, na actividade administrativa e nas súas relacións coa Administración municipal, a cidadanía está suxeita na súa actuación ao cumprimento dos seguintes deberes:

- a) Deber de utilizar os servizos e procedementos da Administración electrónica de boa fe e evitando o seu abuso.
- b) Deber de facilitar á Administración municipal, nas materias obxecto desta Ordenanza, unha información veraz e completa, adecuada ás finalidades para as cales se solicita.
- c) Deber de identificación ante a Administración municipal, nos termos establecidos na vixente normativa.
- d) Deber de custodia daqueles elementos de identificación persoais e intransferibles, utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa Administración municipal.
- e) Deber de respectar o dereito de privacidade, confidencialidade e seguridade e outros dereitos en materia de protección de datos.

2.- O Concello velará polo cumprimento destes deberes no marco do previsto na normativa aplicable e das previsións desta Ordenanza.

CAPÍTULO III. PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 7. Principios reitores da Administración electrónica no ámbito da Administración municipal

A Administración municipal, no marco da utilización de medios electrónicos na actividade administrativa, suxéitase aos principios enunciados na normativa reguladora do acceso dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 8. Principios organizativos da Administración electrónica

1.A Administración municipal impulsará o acceso electrónico á información, os trámites e os procedementos administrativos, en aras dunha máis eficaz implantación dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizo aos cidadáns.

2.Para ese efecto, guiará a súa actividade de acordo cos principios de simplificación administrativa, impulso dos medios electrónicos, neutralidade tecnolóxica, inter-operatividade, confidencialidade, seguridade e protección de datos, transparencia e participación.

Artigo 9. Principios xerais do acceso dos cidadáns ao procedemento administrativo

1.A realización electrónica dos trámites administrativos no marco da Administración municipal rexerase polos principios de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos, posibilidade de trazar os procedementos e documentos administrativos, proporcionalidade e inter-modalidade de medios, de modo que, nos termos previstos nesta Ordenanza ou nas súas normas de desenvolvemento, un procedemento iniciado por un medio poderase continuar por outro diferente, sempre que se asegure a integridade e seguridade xurídica do procedemento.

2.Os trámites e os procedementos accesibles por vía electrónica poderanse realizar, a elección do cidadán, a través das canles e medios electrónicos que estean dispoñibles nese momento.

Artigo 10. Principios informadores de fomento e promoción da cooperación inter-administrativa en materia de Administración electrónica

1.A Administración municipal guiará a súa actividade en materia de Administración electrónica de acordo cos principios de colaboración, cooperación e información mutua, e de acceso e dispoñibilidade limitada.

2.A Administración municipal deberá facilitar o acceso das restantes administracións públicas aos datos que dispoña dos interesados que se atopen en soporte electrónico, especificando, en todo caso, as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos datos coas máximas garantías de seguridade e integridade, e limitándose estritamente aos que as administracións públicas requiran no exercicio das súas funcións. O acceso aos datos mencionados estará condicionado a que o interesado prestase o seu consentimento ou a que unha norma con rango legal así o autorice.

CAPÍTULO IV. IDENTIFICACIÓN, ACCESO Á INFORMACIÓN E PRESENTACIÓN DE ESCRITOS POR PARTE DOS CIDADÁNS

Artigo 11. Instrumentos de identificación e acreditación da vontade dos cidadáns

1.As persoas físicas poderán utilizar para relacionarse coa Administración municipal os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao Documento Nacional de Identidade, en todo caso, e os sistemas de sinatura electrónica avanzada admitidos pola Lei.

2.As persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica poderán utilizar sistemas de sinatura electrónica de persoa xurídica, ou de entidades sen personalidade xurídica, para todos aqueles procedementos e actuacións para os que se admitan. En caso de non admisión, a sede electrónica municipal deberá facilitar sistemas alternativos que permitan o exercicio do dereito a relacionarse de forma electrónica coa Administración municipal.

3.O Concello admitirá cuantos outros sistemas de sinatura electrónica estivesen autorizados legalmente, e que sexan adecuados para garantir a identificación dos cidadáns, e, se procede, a autenticidade e a integridade dos documentos electrónicos.

4.O Concello poderá admitir os sistemas de sinatura electrónica utilizados ou admitidos por outras administracións públicas, de conformidade cos principios de recoñecemento mutuo e reciprocidade.

O primeiro paso foi o establecemento de taxas xudiciais para poder acceder aos tribunais, unha medida que mereceu o rexeitamento practicamente unánime do mundo xudicial (Xuíces, Fiscais, Avogados, Procuradores, funcionarios,...) E da cidadanía en xeral, que veu limitado un dereito constitucionalmente recoñecido en base a criterios estritamente económicos, limitación á que son alleos os bancos, empresas e grandes corporacións.

O segundo chanzo o atopamos no proxecto de modificación da Lei de Demarcación e Planta Xudicial, actualmente pendente de tramitación, que prevé a desaparición dos Xulgados de 1ª instancia e Instrución existentes en Vilas e pobos, e con eles a actual división en partidos xudiciais, concentrando os servizos nas capitais de provincia.

Segundo nesta escalada, parece que se confirma, pese ó secretismo co que se está levando, a pretensión do Goberno de entregar o Rexistro Civil ao Colexio Nacional de Rexistradores da Propiedade, traspasando a estes profesionais os datos e servizos públicos do Rexistro Civil, que cobrarán por expedir certificacións de nacemento, defunción, matrimonio, fe de vida, nacionalidade, etc., documentos moi demandados diariamente polos cidadáns para trámites relacionados co emprego, pensións, colexios, herdanzas e moitas xestións máis, pasando a que ter que pagar por un servizo que ata o de agora era gratuítio e ao que se podía acceder vía internet dende a casa, sen ter que desprazarse nin perder horas de traballo, tras investir 128 millóns de euros do erario público na súa informatización.

Tendo en conta o importe habitual das certificacións expedidas polo Rexistro da Propiedade, e multiplicado polos máis de 1.300.000 trámites anuais do Rexistro Civil, pódese apreciar o alcance do regalo que realiza o Goberno a un colectivo tan “desfavorecido” coma o dos Rexistradores, ao que pertence o propio Presidente Rajoy, estimando que alcanzarán unha facturación anual de 150 millóns de euros, non entendendo que, si hai que cobrar algún trámite -do que non somos partidarios- non o cobre directamente Xustiza en lugar de que se leven o diñeiro uns particulares, que xestionarán, deseñarán e explotarán comercialmente o que ata o de agora foi un servizo público gratuítio.

Os socialistas de Rianxo queremos chamar tamén a atención sobre unha consecuencia da privatización do Rexistro Civil, que directamente afecta á nosa Vila, e é a máis posible desaparición dos Xulgados de Paz nos concellos, e, posteriormente, os partidos xudiciais, coa reforma que está en marcha e á que xa fixemos referencia, alonxando a administración dos veciños e cargando sobre as súas maltratadas economías o acceso a un servizo público esencial, coma é a Administración de Xustiza.

Por todas estas razóns, e dado que estas medidas aínda non se fixeron efectivas mediante a presentación dun proxecto oficial, dende o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE queremos facer un chamamento a todos os grupos políticos que integran a corporación municipal de Rianxo, para a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- O Concello de Rianxo rexeita a privatización e traspaso aos Colexios de Rexistradores dos datos e servizos públicos do Rexistro Civil, e solicita que se asigne a súa xestión aos secretarios xudiciais e que se manteñan os Xulgados de Paz existentes nos nosos Concellos.

2º.- Remitir este acordo ó Sr. Ministro de Xustiza e ó Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, defende a moción partindo que se privatiza en favor dun colectivo privilexiado ao que pertence o presidente do Estado. Estamos a falar dun negocio de moitos millóns de euros que se pon en mans dos rexistradores, isto trala inversión que se comenta na proposta. Concretamente en Rianxo o ano pasado leváronse a cabo 2.257 trámites, polos que de seguir adiante esta reforma vai haber que abonar do peto dos cidadáns.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, amosa o seu acordo sempre que se inclúa a **emenda** seguinte, que de non ser aceptada o voto do PP sería en contra:

“instar ao goberno central a que as reformas legais que se adopten garantan unha Administración de Xustiza eficaz e próxima aos cidadáns, ao aproveitamento das actuais infraestruturas xudiciais e a que xestións de carácter obrigatorio, como as inscricións de nacementos e actas de defunción, sigan tendo un carácter gratuíto.”

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo di que lle parece ben sempre que sea “próxima aos cidadáns nas súas localidades”

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que xa o BNG efectuou unha proposta ao respecto, sen embargo o goberno central segue a beneficiar aos privilexiados, como aconteceu coa banca e agora as autopistas, etc, todo a cargo de “papá Estado”. Manifesta a non necesidade de cambiar o sistema de rexistro civil actual, e se a enmenda se acepta, o BNG tamén a admite de xeito que as cousas debían seguir como se estaban a prestar, ou sexa, a tramitación que proceda ante o Rexistro civil a través do Xulgado de Paz sexa de balde.

Sometese a acordo con esa enmenda como 2º punto, se ben o alcalde remata dicindo que espera que esto non teña que ver con que Rajoy sexa rexistrador da propiedade e dous irmáns seus tamén, privatizando un servizo necesario para todos, que recae nos bolsillos dos cidadáns de a pé e para enriquecer a quen esta en mellor situación, cando debe ser un servizo gratuíto e prestado en cada localidade.

Rematado o debate, sométese a proposta coas emendas que sigue a VOTACIÓN, sendo **APROBADA** por unanimidade dos 13 membros presentes (6 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 3 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

1º.- O Concello de Rianxo rexeita a privatización e traspaso aos Colexios de Rexistradores dos datos e servizos públicos do Rexistro Civil, e solicita que se asigne a súa xestión aos secretarios xudiciais e que se manteñan os Xulgados de Paz existentes nos nosos Concellos.

2º.- Instar ao goberno central a que as reformas legais que se adopten garantan unha Administración de Xustiza eficaz e próxima aos cidadáns nas súas localidades, ao aproveitamento das actuais infraestruturas xudiciais e a que xestións de carácter obrigatorio, como as inscricións de nacementos e actas de defunción, sigan tendo un carácter gratuíto.

3º.- Remitir este acordo ó Sr. Ministro de Xustiza e ó Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

8.2. MOCION DO BNG CONTRA O DESMANTELAMENTO DO 065 DO SERVIZO GALEGO DE TRANSPORTE ADAPTADO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia no feito de que xa no mes de febreiro deste ano afectou aos usuarios deste.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 13 concelleiros presentes (6 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 3 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Servizo Galego de Transporte Adaptado (065), que atende as persoas con discapacidade e dependentes, foi instaurado por iniciativa do BNG no goberno bipartito da Xunta de Galiza e constituíu o primeiro transporte adaptado público de todo o Estado español.

A partir do acceso do PP ao goberno da Xunta de Galiza, este servizo básico, bautizado como Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065) comezou a sufrir un deterioro constante que ten a súa culminación na decisión da Xunta de deixar de prestar o servizo para o traslado diario ou semanal das persoas dependentes aos centros onde van ser atendidas nas súas terapias.

Este feito, xustificando polo PP con base nunha pretendida racionalización e eficacia, tradúcese simplemente no desmantelamento do servizo do 065, para non atender o desprazamento regular de persoas dependentes nin para garantir a mobilidade das persoas con maiores dificultades. En cambio, non teñen reparo en crear para o Consorcio de Benestar un transporte propio para as persoas usuarias dos seus centros.

Insto é outro paso na eliminación dos programas e servizos de dependencia e benestar que sufrirán novamente as persoas máis débiles, neste caso as que teñen maiores dificultades para se trasladaren e poder recibir atención como consecuencia do seu estado.

Os usuarios de Rianxo utilizaban o transporte gratuíto do 065 o Centro de Día de Dodro son catro. Desde o pasado mes de febreiro tiveron que empezar a utilizar o transporte privado aumentándolles ó gasto en 89,08€; e 44,54€ os tres primeiros; o cuarto usuario renuncia polo custo que lles supón sendo transportado pola propia familia. Estes custes supoñen un gasto significativo para familiar que non dispoñen de capacidade económica suficiente.

Ademais, a decisión do goberno do PP vai provocar unha perda importante de postos de traballo. De feito, o novo concurso para contratar o servizo na comarca de Ferrolterra, en Verín, O Barco de Valdeorras, Vigo e Pontevedra, ficou deserto, o que provoca a suspensión a partir do 8 de marzo de 2014, un proceso que afecta, por exemplo, a 14 de traballadoras e traballadores, no caso de Ferrolterra.

Por este motivo o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1.- Paralizar o desmantelamento do Servizo do transporte adaptado do 065.
- 2.- Garantir o desprazamento regular das persoas dependentes e a mobilidade das persoas con maiores dificultades.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que esta moción se trata noutros organismos e que por ilo o pleno non é o lugar para tratalo mais quere aclarar que este servizo o creou o bipartito unicamente para proporcionar “axuda de desprazamento programado” e non urxente. Ou sexa, xa dende os seus inicios creouse non co fin de atender a quen poda usar o transporte ordinario e iso hai que explicalo. Logo a Xunta de Galiza ampliou o servizo e agora restrínxese ao inicialmente establecido.

Incorporase a sesión a concelleira M^a de las Nieves Vicente Varela, sendo as 20:50 h.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, comeza dicindo que a dereita é obsesiva nas eliminacións de dereitos e conquistas sociais, como acontece coa lei de dependencia, continúa agora coa supresión do 065 volvendo a cebarse nos mais débiles, condeando a milleiros de persoas dependentes ou con algunha discapacidade a facer fronte ao repago. Esta medida do goberno Feijoo deixa fora do servizo aos centros de día, que terán que xestionar pola súa conta o transporte. Nestes centros reciben terapia as persoas dependentes ou con algunha discapacidade. Agora recibirán da Xunta de Galicia só uns 8€ por usuario cun tope de 10 traslados ao mes, que en realidade son 5 (ida e volta), cuantía que está moi por debaixo da necesaria, precisando ser complementada cunha aportación por usuario, velaí o repago citado nun servizo especialmente necesario para un país como o noso, onde a dispersión xeográfica incrementa a dificultade de desprazamento. Por todo o exposto, contra a supresión do servizo e a súa privatización, os socialistas do Parlamento xa presentaron varias iniciativas e nos o facemos apoiando esta moción.

O alcalde engade a súa incidencia en Rianxo de xeito que os de Rianxo non so pagaran a asistencia ao centro de día de Dodro tamén haberán agora de pagar o desprazamento porque lles retiran este servizo, preguntase que se non é solicitado socialmente porque se quita.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), 4 abstencións (dos 4 membros do PP), con cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

8.3. MOCION DO BNG: DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA, ALUGUEIRO SOCIAL, PARALIZACIÓN DOS DESAFIUZAMENTOS E IMPULSO DUNHA LEI GALEGA DE VIVENDA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia pola necesidade de sumarse a esta iniciativa.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (6 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A crise económica e a carencia de leis que defendan o dereito constitucional das persoas a unha vivenda digna está a provocar miles de desafiuamentos que constitúen un drama social sen precedentes.

A ausencia de controis públicos permitiulle á banca a concesión abusiva de créditos hipotecarios e moitas persoas afectadas pola crise viron como a voracidade bancaria embargou as súas vivendas e, por riba, continuarán a lle deber ao banco, porque entregar a vivenda -coa lexislación hipotecaria vixente que consolida os privilexios da banca- non supón eliminar a débeda. Cómpre lembrar que o sector financeiro recibiu miles de millóns de diñeiro público para sanear a súa nefasta xestión, entre elas as consecuencias das súas aventuras na construción, que a burbulla inmobiliaria foi un dos factores da crise, e que goza de total permisividade pola ausencia de leis que impidan as execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras.

En Rianxo que teñamos constancia a día de hoxe temos 7 familias con execucións hipotecarias, sen enumerar as que teñen serias dificultades para pagar alugueiro, luz, auga, ou directamente viven da solidariedade da familia, amigos, servizos sociais, así como os que volveron a casa familiar.

A función social da vivenda e o dereito constitucional a acceder a esta carece de valor diante dun sistema que a considera un simple ben de consumo suxeito ás leis do mercado, negando o dereito fundamental a un teito que acolla as persoas e permita que se desenvolvan socialmente. Por iso calquera desafuzamento é simplemente unha agresión.

Os poderes públicos converten en papel mollado a Declaración Universal de Dereitos Humanos ou o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, que recoñecen, entre outros, o dereito de toda persoa a unha vivenda, e mesmo o artigo 47 da Constitución de 1978 establece o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada.

Hoxe, as galegas e os galegos, a través dunha iniciativa Lexislativa Popular referendada por miles de sinaturas, están a demandar do Parlamento de Galiza a aprobación dunha proposición de lei que contribúa a garantir na Galiza o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna e adecuada, fomentar o acceso universal a unha vivenda habitábel e a paralizar todos os desafuzamentos no noso país, favorecendo o alugueiro social e impulsando unha lei galega da Vivenda que promova o uso das vivenda baleiras ou desahitadas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Apoiar e asinar a Iniciativa Lexislativa Popular a prol de garantir na Galiza o dereito fundamental a unha vivenda digna e da protección dos colectivos sociais máis vulnerábeis, que aborde:

A) A paralización dos desafuzamentos, así como favorecer o alugueiro social.

B) A creación dun parque galego para a xestión de vivendas baleiras e a posta en marcha dunha axencia pública de alugueiro.

C) A expropiación das vivenda a bancos, filiais inmobiliarias e outras persoas xurídicas que posúan as vivendas das persoas físicas que estean en proceso de execución ou embargadas por mor dunha situación sobrevida derivada da fonda crise económica.

D) A paralización inmediata dos desafuzamentos e do establecemento opcional da dación en pagamento.

2.- Colaborar na recollida de sinaturas de apoio a esta iniciativa Lexislativa Popular.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que lles gustaría facer unha **enmenda** de xeito que se engada:

“ Instar ao Goberno galego e ao Goberno do Estado, nos seus respectivos ámbitos competenciais, a seguir amosando sensibilidade na paralización dos desfiuzamentos e a avanzar na defensa dos debedores hipotecarios vulnerables, consolidando e mellorando o novo marco xurídico á vez que se facilitan vivendas de aluguer social para quenes perderon os seus fogares.”

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, acepta a enmenda polo que sería a maiores en pro dese fin.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que está de acordo sobre a transacción, cara a paralizar esta situación e afrontar a situación das familias afectadas pola crise. Ademais, tras expoñer que Rianxo é o concello da comarca con mais demanda de vivenda pública, presenta **emenda** de engadir os seguintes apartados:

- “ Programar un plan de intermediación de alugueres para a posta a disposición de vivendas privadas en réxime de aluguer con prezos limitados, establecendo garantías para propietarios e inquilinos.
- Instar ao IGVS da Xunta de Galicia á construción de vivendas públicas para compra e alugueiro nos terreos x apostos a disposición da Xunta de Galicia para este fin.”

O alcalde engade que son benvidas estas emendas que suporían actuacións dirixidas a afrontar esta situación que está a arrastrar a familias enteiras, que no seu día solicitaron a hipoteca pero que ten afectado tamén ás familias avalistas. En Rianxo existe algún caso deste, estase en contacto coas entidades bancarias negociando esta situación mais hainas ruíns en Rianxo que logo a vende á metade de prezo a entidades de fora.

O concelleiro do BNG Xoán Vincenzo Ces Rodríguez vai absterse e quere explicar o sentido do seu voto: non está de acordo coa apreciación do PP xa que o goberno de Feijoo non amosa ningunha sensibilidade hacia este tema.

Rematado o debate, sométese a moción coas emendas que seguen a VOTACIÓN, sendo **APROBADA** con 13 votos a favor (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE e dos 4 membros do PP), e 1 abstención (o concelleiro do BNG Xoán Vincenzo Ces Rodríguez), con cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

1.- Apoiar e asinar a Iniciativa Lexislativa Popular a prol de garantir na Galiza o dereito fundamental a unha vivenda digna e da protección dos colectivos sociais máis vulnerábeis, que aborde:+

- A)** A paralización dos desafiuzamentos, así como favorecer o alugueiro social.
- B)** A creación dun parque galego para a xestión de vivendas baleiras e a posta en marcha dunha axencia pública de alugueiro.
- C)** A expropiación das vivenda a bancos, filiais inmobiliarias e outras persoas xurídicas que posúan as vivendas das persoas físicas que estean en proceso de execución ou embargadas por mor dunha situación sobrevida derivada da fonda crise económica.
- D)** A paralización inmediata dos desafiuzamentos e do establecemento opcional da dación en pagamento.
- E)** Instar ao Goberno galego e ao Goberno do Estado, nos seus respectivos ámbitos competenciais, a seguir amosando sensibilidade na paralización dos desafiuzamentos e a avanzar na defensa dos debedores hipotecarios vulnerables, consolidando e mellorando o novo marco xurídico á vez que se facilitan vivendas de aluguer social para quenes perderon os seus fogares.
- F)** Programar un plan de intermediación de alugueres para a posta a disposición de vivendas privadas en réxime de aluguer con prezos limitados, establecendo garantías para propietarios e inquilinos.
- G)** Instar ao IGVS da Xunta de Galicia á construción de vivendas públicas para compra e alugueiro nos terreos x apostos a disposición da Xunta de Galicia para este fin.

2.- Colaborar na recollida de sinaturas de apoio a esta iniciativa Lexislativa Popular.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

8.4. MOCION DO BNG APOIANDO A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO EN GALIZA.- CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (REX. ENTRADA Nº 970 DE 21/03/2017).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente, en primeiro lugar, fai súa a solicitude da CIG e xustifica a urxencia no momento actual en que nos atopamos en que sen demora hai que afrontar a situación.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (6 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da crise, diferentes movementos sociais están a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos intereses nacionais da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico do noso país. Só dede alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, con máis de cen medidas para a creación de emprego en Galiza. Na súa exposición de motivos da proposición de lei (achegase anexada a proposición de lei) sinala o seguinte:

As medidas contidas nesta Lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sustentábel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.

Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CC.AA., así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI, por non favoreceren a saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Mantemos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque consideramos que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade lexislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira.

Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e

por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuíndo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español.

Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico enliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

Por outra banda, SOLICITAMOS desa Corporación Municipal que no Pleno no que se debata esta MOCIÓN se permita a participación -obviamente con voz e sen voto- dun/ha representante da nosa Central Sindical aos efectos de presentar e defender a Moción recollida no presente escrito.>>

O alcalde insiste na necesidade de adoptar medidas para afrontar as cifras de emprego, respectando os dereitos gañados, de xeito que este sexa un país de continuos recortes.

O alcalde ofrece a intervención a José Francisco García Suárez, secretario da CIG na Unión Local As Rías ao abeiro do artigo 228 do ROF, en tanto entidade que defende intereses sectoriais, durante cinco minutos.

Don José Francisco García Suárez di que, como comprobaran no texto da moción que fai un mes achegou a este concello, a crise non é unha situación sobrevivida senón maquinada e malintencionada para chegar a ela, en contra dos máis débiles e que se está a ver en distintas partes do Barbanza, agradece a intervención na entidade máis representativa do Concello de Rianxo. Comenta o contido da moción e a necesidade de adoptar ese acordo para apoiar e defender o país e o pobo galego poñendo poñendo dunha vez por todas a economía a beneficio do pobo.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Durán, di que o Partido Popular tivo acceso a esa moción este luns coa convocatoria do pleno. Asemade lembra o

procedemento a seguir para levar a cabo a iniciativa lexislativa e non e o concello quen se pode adherir.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que está plenamente de acordo no resume que o secretario da CIG da Unión local As Rías fixo, considera perfectamente viable o proposto para unha sociedade mais xusta. Sen embargo se ben o PSOE esta de acordo no texto achegado na parte resolutive non estarían de acordo nalgún apartado da parte expositiva, cando se fala da loita da soberanía nacional, a colonización do Estado, o marco xurídico imposto pola Constitución española e o Estatuto de Autonomía.... O di porque tanto a Constitución que nos rexe como o Estatuto autonómico aprobáronse polos cidadáns, motivo polo que non pode aceptar algún apartados e suxire suprimir dous apartados da parte expositiva.

O alcalde, debido ao proposto polo voceiro do PSOE ofrécelle a palabra de novo ao expoñente, José Francisco García Suárez, quen di respecto do PP que aínda que fora así son coñecedores de que este tema estase a tratar na zona dende fai semanas; en canto á proposta do PSdeG-PSOE di que basta que adopten o acordo e si tal expliquen o voto.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE) e con 4 votos en contra dos 4 membros do PP, e cero abstencións dos 17 membros que legalmente conforman a corporación.

O voceiro do PSdeG-PSOE aclara que respaldan a parte resolutive mais non parágrafos da parte expositiva relativos a: loita da soberanía nacional, a colonización do Estado, o marco xurídico imposto pola Constitución española e o Estatuto de Autonomía, etc.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

P.1. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán pregunta polo custe da decoración da rotonda de entrada en Rinlo.

O alcalde contesta que o da pedra da rotonda non costou nada, mais pásalle a palabra ao concelleiro de Obras, Constantino Castaño, que engade que así foi agás o custe de transporte por uns 300€ xa que non se dispoñía de medios propios.

R.1. A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, M^a de las Nieves Vicente Varela roga que na escola infantil se arranxe o columpio e tamén pide que se arranxe unha rexilla.

O alcalde di que xa arranxarán hai atrás o columpio e volve estar estragado; pásalle a palabra ao concelleiro de obras Constantino Castaño Calvo que di que deu orden esta mañá e non sabe si se arranxou.

Ábrese o turno de rogos e preguntas para o público asistente ás 21:32 minutos.

Rematado o turno de rogos e preguntas do público, saen os catro concelleiros asistentes do Partido Popular ás 21:45.

O alcalde comenta antes de pechar a sesión o ACTO CÍVICO DE LEMBRANZA DA SEGUNDA REPUBLICA E OS SEUS VALORES QUE SE VAI REALIZAR O DIA 14 DE ABRIL. Di que a Secretaria emitiu un informe sobre a inviabilidade de sometelo a acordo plenario polo tipo de asunto mais aínda así quere comentalo para coñecemento dos concelleiros e que conste en acta o seguinte texto:

COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA BARBANZA (REX. ENTRADA Nº 1648 DE 24/03/2017).-

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Trala dimisión do Xeral Miguel Primo de Rivera en xaneiro de 1930, Alfonso XIII intentou devolver ao debilitado réxime monárquico a senda constitucional e parlamentaria, a pesar da debilidade dos partidos dinásticos. Para elo nombrou presidente do goberno ao Xeral Dámaso Berenguer, pero este fracasou no seu intento de devolver a normalidade constitucional. En febreiro de 1931 o Rei Alfonso XIII puña fin a “Dictablanda” do Xeral Berenguer e nombraba novo presidente ao almirante Juan Bautista Aznar, no cal o seu goberno propuxo un novo calendario electoral polo celebrarían primeiro eleccións municipais o 12 de abril, e despois eleccións as Cortes.

As eleccións municipais do domingo 12 de abril de 1931 supuxeron para a Coroa unha ampla derrota nos núcleos urbanos, xa que a corrente republicana triunfou en 41 capitais de provincia. En Madrid os concelleiros republicanos triplicaban aos monárquicos e en Barcelona cuatuplicábanos. Ás dez e media da mañá do luns 13 de abril o Presidente do Consello de Ministro Juan Bautista Aznar-Cabañas, entreba no Pazo de Oriente de Madrid para celebrar o Consello de Ministros. Preguntando polos periodistas sobre si habería crise de goberno, Aznar-Cabañas contestou *“¿Que si habrá crisis? ¿Qué más crisis desean ustedes que la de un país que se acuesta monárquico y de despierta republicano?”*

Ás 7 da mañá do 14 de abril de 1931, o Consello de Eibar proclamou a República, acción que foi imitada por moitas outras cidades ese mesmo día. Esa mesma tarde o Rei Alfonso XIII abdicou e o Comité a favor da República tomou posesión dos ministerios, convocando eleccións para Cortes Constituíntes en xuño de 1931. Chegaba así, coa República, a democracia, as liberdades individuais e sociais.>>

En consecuencia, a Alcaldía comunica que con ocasión do 83 aniversario de constitución da Segunda República o 14 de abril, data da chegada da democracia e das liberdades celebrarase en Rianxo un acto cívico de lembranza dos valores republicanos así como das persoas caídas na súa defensa e que no caso de Galiza se estima en preto de 5.000 persoas asasinadas. Este acto realizarase no monólito que esta corporación ergueu onde se situou o campo de concentración de Rianxo.

Levántase a sesión ás 21:50 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muñíos Sánchez

Carolina Costoya Pardo